



Concello de Barro

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
519/2017	A Xunta de Goberno Local

XESUS RODRIGUEZ CASTRO, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 22 de maio de 2019 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 519/2017. APROBACIÓN PREZO PÚBLICO “ESPAZOS DE LECER 2019”.



APROBACIÓN PREZO PÚBLICO “ESPAZOS DE LECER 2019”.

A seguir dase conta dos seguintes

Antecedentes:

- Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero, ano 2019, publicadas pola Deputación de Pontevedra no BOPPO núm. 31 de 13 de febreiro de 2019.
- Consta no Expte. Proxecto ESPAZOS DE LECER cunha previsión de 155 prazas (mes de xullo 90 e agosto 65).
- Consta no expediente informe elaborado pola Traballadora Social o 16 de maio de 2019 no que informa dos pormenores da posta en marcha do programa ESPAZOS DE LECER 2019 e propón o importe do prezo público a aplicar.
- A ordenanza reguladora de prezos públicos ppor participación en servizos e actividades organizadas polo concello establece no seu art. 4 que o establecemento das contías do prezo serán as que se fixen en cada caso polal Xunta de Goberno Local por delegación do pleno da corporación, de confirmidade co disposto no art.47.1 do RDL 2/2004 e art. 23.2.b) da Lei 7/85 de 2 de abril.
- Consta tamén no expediente informe de Secretaría – Intervención no tocante ao procedemento de tramitación.

Fundamentos xurídicos:

- Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local, art. 21, 25, 26.
- Ordenanza Reguladora dos prezos públicos por participación en servizos e actividades organizadas polo Concello de Barro, publicada no BOPPO núm.40 do 24

Concello de Barro



Concello de Barro

de febreiro de 2018, art. 3 e 4 .

- A resolución do expediente é competencia da Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno e de conformidade co disposto 44.1 do R.D.L 2/2004, deberán cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade a realizar.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

Primeiro.- Fixar como prezos públicos en concepto de inscrición mensual os seguintes:

- Nenos/as empadroados no Concello de Barro:

- 30,00 € /mes.

- 20,00 € /mes (se asisten varios irmáns).

- 15,00 €/quincena.

- Nenos/as non empadroados no Concello de Barro:

- 75,00 € /mes.

- 37,00 €/quincena.

- A devolución do importe do prezo público por asistir ás actividades só se efectuará se o menor non asiste dende o primeiro día e por causa de forza maior acreditada documentalmente.

Segundo.- Dar publicidade os prezos aprobados no taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica (barro.sedelectronica.gal).

Terceiro.- A presentación das solicitudes para participar no proxecto comezará o 23 de maio e remata o 13 de xuño de 2019.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.^o B.^o do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Barro

San Antoniño 11 -Perdecanaí, BARRO. 36194 (Pontevedra). Tfno. 986711002. Fax: 986711001